

# MARES

DA FIN DO MUNDO 

A única mostra internacional de cinema documental de Galicia centrada no medio ambiente mariño e na pesca sostible.

É un evento de contrastes, cun forte apego local pero con ampla proxección internacional, enfocado na posta en valor de oficios tradicionais dende unha perspectiva global e moderna.

Trátase dunha mostra comprometida co medio marítimo e o sector pesqueiro, que busca crear conciencia sobre a necesidade de coidar un dos nosos recursos naturais máis valiosos.

## Actividades paralelas

- Exposición de Fotografía Mariñeira.  
Entrega de Premio; día 30 ás 17:00h
- Escola de Cinema Mar de Lira.  
Entrega Diplomas ; día 30 ás 17:10h
- Recital de poesía Mariñeira.  
Día 30 ás 20:20h

Todas as proxeccións terán lugar na **Lonxa Vella de Lira** (Carnota), os días 29 e 30 de novembro de 2019.

ORGANIZA:



CARNOTA  
*é tua!*

PATROCINA:



COLABORAN:



II MOSTRA INTERNACIONAL  
DE CINEMA DOCUMENTAL

# MARES

DA FIN DO MUNDO 

CARNOTA Lonxa Vella de Lira  
29 e 30 NOVEMBRO de 2019

[maresdafindomundo.gal](http://maresdafindomundo.gal)

# MARES

DA FIN DO MUNDO

Selección  
GALEGA

VENRES NOV  
29

SÁBADO NOV  
30

Selección INTERNACIONAL  
VOS EN GALEGO

II MOSTRA INTERNACIONAL DE CINEMA DOCUMENTAL



## NO BORRAR DA MEMORIA

*Xacobe Meléndrez Fassbender*

11 min, 2015

Documental experimental sobre a desaparición da cultura pesqueira tradicional en Galicia, que presenta interrogantes sobre os novos camiños a transitar.

17:20h

## SALITRE NAS VEAS

*Adrián Canoura*

12 min, 2017

O home e o mar son descoñecidos o un para o outro. Da mesma forma que o mar agocha tesouros ocultos, o home tamén garda os seus segredos. O home e o mar loitan contra o tempo, contra a súa propia extinción, pero tamén se respectan por igual.



17:45h



## HOMES DE XEO

*Carlos Prado*

42 min, 2017

O científico Jesús Troncoso, o xefe de cociña Pablo Alías e o patrón de embarcación Santiago Muradas teñen algo en común: os tres son galegos e conviven durante 6 meses a bordo do buque Hespérides, navegando pola Antártida. Grazas ao seu traballo no polo sur, coñecemos mellor como evoluciona o cambio climático e como é vivir lonxe da nosa terra.

18:10h

## ENTRE A ONDA E A ROCHA

*Manuel Lógar*

89 min, 2017

A través das vidas de varios percebeiros e percebeiras na tempada do Nadal, o documental indaga na relación entre o home e o mar. Anos despois do afundimento do Prestige, móstrase un reflexo de persoas que viven ao límite, en constante adaptación ao perigo, tanto económico, como vital.



19:10h



17:20h

## A ONDA DA ALMA

LE VAGUE À L'ÂME

*Sébastien Daycard-Heir / Bertrand Dévé*

26 min, 2018 - Francia

Ante a escaseza e empobrecemento dos seus recursos pesqueiros, cada vez máis pescadores senegaleses vense forzados a emigrar a Europa en busca de mellores condicións de vida.

## MULLERES DAS AUGAS

MULHERES DAS ÁUGAS


*Beto Novaes*

30 min, 2016 - Brasil

Poderoso retrato sobre a vida e a loita das pescadoras dos manglares do nordeste do Brasil. O seu modo de vida vese ameazado pola contaminación das grandes industrias e polo turismo salvaxe que causan danos no ecosistema.



17:45h



18:10h

## O REMATE DA LIÑA

THE END OF THE LINE

*Rupert Murray*

85 min, 2009 - Reino Unido

Estremecedor relato sobre un dos principais problemas da actualidade: a sobrepesca. Non se trata tan só dun documental, senón dunha chamada de atención á cidadanía para promover un consumo sostible dos recursos mariños.